

AlgoEntreNós

Unidade didáctica reto n.º 2

ILUMINANDO A VIAJE





Contidos

AtalaiAS e Arabías S.Coop.Galega

Deseño e maquetaxe

Redeiras.net

Impulsa e financia

Secretaría Xeral de Igualdade. Consellería de Emprego e Igualdade. Xunta de Galicia.

Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Financiado con cargo ao crédito recibido do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero



[0] Índice

[1] <i>Introdución</i>	4
[2] <i>Marco teórico de referencia</i>	5
[3] <i>Obxectivos e contidos a traballar</i>	11
[4] <i>Pautas do reto</i>	12
[5] <i>Desenvolvemento</i>	14
[6] <i>Notas para resolver situacións frecuentes</i>	16
[7] <i>Pon o foco</i>	18



[1] Introducción

A unidade didáctica 2 está pensada para traballar sobre os mitos do amor romántico e a súa conexión co establecemento de modelos afectivos baseados na dependencia e na dominación. Trátase de ofrecer un espazo para a reflexión sobre a construción do amor de parella que se dá nas nosas sociedades, así como sobre a medida en que se respecta a igualdade entre mulleres e homes.

Durante o desenvolvemento deste reto, o alumnado terá que ofrecer un consello para resolver unha situación de parella complicada, á parte de identificar os mitos románticos presentes. Para finalizar o proceso creativo, daremoslle unha volta á forma de amar buscando modelos libres de violencia machista.



[2] Marco teórico de referencia

Hai dous elementos que debemos ter presentes antes de profundar no marco teórico deste reto. Por unha banda, faise necesario ter presente que a violencia de xénero na adolescencia pode ser diferente que na idade adulta, adquire dimensións acordes á socialización recibida, ao momento concreto de vida, ás representacións sociais que se van fraguando, ás transformacións sociais; así, as medidas que se tomen para o seu tratamento han de contar coas posibles diferenzas que as xeran e sosteñen. Pola outra, é necesario **non esquecer que a violencia machista pode aparecer en todas as clases sociais, os lugares de procedencia, as identidades sexuais, é dicir, presentarse de múltiples maneiras e en diversos escenarios.**

Por todo isto, **un campo imprescindible de análise** para determinar as relacións de dominación e a violencia desprendida delas, **especialmente nesta franxa de idade, é o imaxinario social en torno ao concepto de «amor romántico».** Este ámbito fomentou e fomenta, en gran medida, os roles diferenciados que mulleres e homes exerceron ao longo de xeracións dentro das súas relacións sexoafectivas.

O **concepto de «amor romántico»**, como comentamos, non é algo alleo á socialización de xénero, senón máis ben, impulsado e sostido por ela. A construción social deste tipo de amor veuse fraguando dende o patriarcado, dende as esferas de poder, sendo as súas bases: as desigualdades de xénero, a discriminación cara ás mulleres, a submisión destas, a heterosexualidade como única forma de relación sexoafectiva, entre moitas outras cousas.

Do mesmo xeito que co resto de fenómenos, o «amor de parella» está determinado pola época en que se desenvolve, por iso **non dubidamos nos cambios acontecidos nas relacións afectivas durante as últimas décadas**, con todo e a pesar destes cambios, **as estruturas dominantes continúan estando detrás dos canons impostos, permeando sobre os distintos axentes de socialización que nos acompañan.** Por iso debemos ter en conta e desmontar os mitos tradicionais do **amor romántico.**



RETO 2

Segundo Coral Herrera (2019)¹, o principal mito que contribúe á idealización romántica das relacións afectivas de parella é a manida frase con que conclúen maioritariamente os relatos de amor: “E viviron felices e comeron perdices”. Pero isto é así en realidade? Que modelo de relación estableceron como parella? Nunca hai espazo para estas e outras preguntas. Fundamentalmente non hai oco para preguntas que cuestionen que estar e vivir en parella é o mellor que nos pode pasar na vida, nomeadamente ás mulleres.

Deste xeito, a estrutura mítica da narración amorosa é case sempre a mesma: dúas persoas namoran, vense separadas por diversas circunstancias, obstáculos e barreiras e, tras superar eses obstáculos, a parella feliz pode por fin vivir o seu amor en liberdade. E, como mito que é, esta historia de obstáculos e superacións está atravesada pola desigualdade de xénero, que pon a misión en mans do heroe, mentres que a muller espera no seu castelo a ser salvada: el é activo e ela pasiva.

Os mitos do amor romántico constrúense sobre dous personaxes principais, o príncipe azul e a princesa marabillosa, que se basean nunha rixida división de roles sexuais —el é o salvador e ela é o descanso do guerreiro— e estereotipos de xénero mitificados —el é valente, forte, viril, dominador..., e ela é medorenta, vulnerable, doce, submisa...—. Estes modelos de feminidade e masculinidade son a base de gran parte da dor que experimentamos ao namorar e desnamorar, en primeiro lugar porque partimos da premisa de que o amor é sufrimento; xa se sabe o que din por aí: “Quen ben te quere fará que chores”. Ademais, estamos ante un ideal de amor que parte da desigualdade entre mulleres e homes e contribúe a reforzar formas de expresar a masculinidade e a feminidade certamente tradicionais e machistas.

Acontece principalmente que todas as persoas somos fortes e fráxiles, activas e pasivas, dominadoras e submisas, pero nos encaixamos nunhas etiquetas que determinan a nosa identidade, os nosos sentimentos, as nosas actitudes e os nosos comportamentos para toda a vida. Estas etiquetas dannos seguridade, pero

¹ Herrera, Coral (2019). *Hombres que ya no hacen sufrir por amor: Transformando las masculinidades*. Madrid: Cata-rata.



RETO 2

quítannos a liberdade para reinventarnos, para cambiar, para evolucionar ou para aprender novas formas de relacionármonos.

Por suposto, **o ideal romántico** deixa fóra de xogo calquera outra expresión amorosa que non leve á formula da familia tradicional: un home, unha muller e as súas crianzas biolóxicas. Porén, o amor é unha expresión diversa que deberíamos identificar en todas as súas posibilidades, sen discriminar a ninguén pola súa orientación sexual, identidade de xénero ou polo tipo de relación afectiva de parella que ten (con/sen crianzas, poliamor...), ou mesmo ás persoas que deciden vivir a aventura de amarse a si mesmas e non ter parella. Por que non?

A maior parte dos mitos amorosos xurdiron na época medieval; outros xurdiron co paso do tempo e finalmente consolidáronse no século XIX, co movemento romántico. Deles quédannos uns cantos, que configuran as nosas estruturas sentimentais na actualidade (De la Peña, Luzón e Recio 2011)².

Tomamos como exemplo a **clasificación realizada na investigación Detecta³ Andalucía** de 19 mitos, falacias e falsas crenzas acerca do ideal de amor romántico que se aglutinan á súa vez en catro grupos: 1) “O amor pode con todo”; 2) “O amor verdadeiro predestinado”; 3) O amor é o máis importante e require entrega total”; e 4) “O amor é posesión e exclusividade”. Pasamos a ver con detalle cada un deles:

GRUPO 1: “O amor pode con todo”

- ▶ Falacia de cambio por amor
- ▶ Mito da omnipotencia do amor
- ▶ Normalización do conflito
- ▶ Crenza de que os polos opostos se atraen e se entenden mellor
- ▶ Mito da compatibilidade do amor e o maltrato
- ▶ Crenza de que o amor “verdadeiro” perdoa e aguanta todo

² De la Peña, Eva; Ramos, Esther; Luzón, José María e Recio, Patricia (2011). *Andalucía Detecta: Sexismo y Violencia de Género en la Juventud*. Andalucía. Instituto Andaluz de la Mujer.

³ O proxecto de investigación DETECTA 2011 sobre “Sexismo y Violencia de Género en la juventud andaluza e Impacto de su exposición en menores”, promovido polo Instituto Andaluz de la Mujer, da Consejería para la Igualdad y Bienestar Social da Junta de Andalucía, nace no marco do I Plan Estratégico para la Igualdad de Mujeres y Hombres en Andalucía 2010-2013. O estudo de investigación foi realizado por Fundación Mujeres coa cooperación da UNED.



RETO 2

Uns mitos que entenden que o amor é suficiente para facer fronte a todos os obstáculos, que os conflitos non teñen importancia se amas alguén. Esta serie de mitos tamén entenden que as diferenzas unen porque se complementan —*los que se pelean se desean*—, normalizando o desacordo, considerando que no amor está aceptado danar a outra persoa. Esta idea tamén se sustenta na crenza de que no amor todo é perdoable, caendo, na maioría das veces, na chantaxe emocional: se non me perdoas é porque non me queres de verdade.

GRUPO 2: “O amor verdadeiro predestinado”

- ▶ Mito da “media laranxa”
- ▶ Mito da complementariedade
- ▶ Razoamento emocional
- ▶ Crenza en que só hai un amor “verdadeiro” na vida
- ▶ Mito da perdurabilidade, paixón eterna ou equivalencia

Estas ideas están baseadas na crenza de que o amor é un destino, a unión de dúas almas xemelgas que se atopan e unen para sempre. Á súa vez este grupo de mitos reforza o ideal de complemento: “ti es a metade que me falta”; cando unha persoa se sente incompleta, busca a metade continuamente, incluso cando esa metade non é saudable. Considerar o namoramento como sinónimo de amor provoca que, cando a fase de namoramento remata, moitas persoas pensen que a relación está rota. Un exemplo sería “non ter a mesma gana ca ao principio” nas relacións sexuais.

GRUPO 3: “O amor é o máis importante e require entrega total”

- ▶ Falacia do emparellamento e a conversión do amor de parella no centro e a referencia da existencia
- ▶ Atribución da capacidade de dar a felicidade
- ▶ Falacia da entrega total
- ▶ Crenza de entender o amor como despersonalización
- ▶ Crenza en que, se se ama, debe renunciarse á intimidade

Este grupo de mitos ten moito que ver coa idea de amor entendida como fusión, co esquecemento da propia vida e a dependencia cara á outra persoa. É o amor



entendido como sacrificio e a necesidade de renunciar a cousas para que a relación funcione. Esta idea tamén recolle a renuncia da intimidade: non se deben ter segredos e cada persoa ten que saber todo da outra, perdendo así parte das outras esferas da vida como son as amizades, a familia, as afeccións etc.

GRUPO 4: “O amor é posesión e exclusividade”

- ▶ Mito do matrimonio
- ▶ Mito dos celos
- ▶ Mito sexista da fidelidade y da exclusividade

Son ideas que sosteñen que a parella, coma a monogamia, é algo universal e natural en todas as culturas, coa unión perfecta: amor-matrimonio-sexualidade, deixando fóra do “normal” aquelas persoas que non cumplan a finalidade de ter parella ou avoguen por outros modelos de relación. Ademais, o mito dos celos axuda a garantir esa exclusividade; celos que son entendidos como sinónimo de amor ata tal punto que a súa falta é entendida como unha mostra de desinterese.

Esta ideoloxía romántica acompáñanos ao longo da vida, desde a mesma infancia, a través da literatura, do cine, da música... e vai contribuindo a xerar unhas expectativas sobre o amor e a persoa amada. Por tanto, aprendemos a namorar desde unhas pautas nada igualitarias; de aí que sexa interesante e necesario analizar as relacións que establecemos, pois a nosa forma de entender o amor e como o vivimos é a base para que se establezan relacións de parella que poden resultar tóxicas e mesmo seren expresión de violencia machista de forma directa.

Por todo isto resulta axeitado identificar estes mitos, coñecerlos e abordalos co alumnado, para poder deconstruílos e cuestionar a desigualdade e o patriarcado. Manter estes estereotipos de xénero impídenos ver a ampla diversidade de modos de ser, de estar, de verse, de sentirse e de relacionarse que existen para cada unha das persoas. Trátase dun exercicio para achegármonos ao botrato e ao benestar con nós mesmas e coas persoas que nos acompañan afectivamente e camiñar cara a nova acepción



RETO 2

para o amor que propón Coral Herrera (2019)⁴: **“O amor é un proceso en permanente construción. É un proceso complexo, unha construción social, económica, sexual e cultural”**. Un amor cuxa base se fundamenta na liberdade, na elección propia, sen condicionamentos, sen sufrimentos e senedulcorantes.

⁴ Herrera, Coral (2019). *Hombres que ya no hacen sufrir por amor: Transformando las masculinidades*. Madrid: Catarata.



[3] Obxectivos e contidos a traballar

Obxectivo xeral

Reflexionar sobre como os mitos do amor romántico condicionan os pensamentos, as actitudes e as emocións das persoas adolescentes e das súas relacións afectivas.

Obxectivos específicos

PROFESORADO

- ▶ Analizar o grao de interiorización dos mitos do amor romántico na poboación adolescente.
- ▶ Ofrecer un marco de reflexión alternativo e igualitario para a creación de vínculos amorosos sans e positivos.

ALUMNADO

- ▶ Cuestionar os celos como expresión de amor, tomando conciencia de que se trata dunha práctica de control.
- ▶ Promover vínculos amorosos baseados no botrato e libres de violencias machistas.

Que contidos imos abordar?

- ▶ Mitos do amor romántico
- ▶ Modelos de relación tóxicos e baseados na violencia machista
- ▶ Vínculos amorosos



RETO 2

[4] Pautas do reto

Para o desenvolvemento do reto 2 de *AlgoEntreNós* propoñemos os seguintes pasos metodolóxicos:

ANTES DO DESENVOLVEMENTO DO RETO NA AULA

- ▶ Lectura e preparación da unidade didáctica 2.
- ▶ Familiarización cos materiais facilitados no espazo do reto 2.
- ▶ Se existen dúbidas sobre a posta en funcionamento do reto ou sobre calquera elemento da proposta didáctica, contacta co equipo docente.

DURANTE O DESENVOLVEMENTO DO RETO NA AULA – 50 minutos

Para o desenvolvemento do reto precisas ter ordenador e conexión a internet.

O teu labor será o de coordinar, dinamizar e supervisar o traballo proposto así como dinamizar o grupo aula. O esquema a seguir para facelo será:

1. **Proxecta o web** de *AlgoEntreNós* na pantalla da aula e vai á lapela do reto 2.
2. **Reproduce o vídeo de presentación do reto 2.**
3. **Dinamiza a actividade** prevista para a interiorización de conceptos a través da práctica. Neste caso deberán darlle consello a ELA* (*avatar feminino creado no reto 1) sobre se ir ou non ir á viaxe a través dun *brainstorming* e dun debate en gran grupo.
 - Contas cun material específico que che axudará a dinamizar a posta en común, un **póster sobre os mitos do amor romántico**.
4. Finalizada a actividade, **reproduce o vídeo do reto 2** onde explicamos o que hai que facer para superar o reto.
5. Axuda ao alumnado a completar o seu reto! Neste caso deberán **crear un cancelo # onde se visibilice a idea dun amor libre de violencias**.

PARA REMATAR E SUPERAR O RETO

- ▶ Pulsa no botón **“Ver formulario do reto”**. Ao facelo, accederás a un novo apartado no que hai un formulario para que compartas o traballo feito polo alumnado. A información que deberás compartir é a seguinte:



RETO 2

- *#AmorLibreDeViolencias*
 - Comparte os diferentes cancelos creados polo alumnado. O número de cancelos dependerá dos subgrupos de traballo na aula.
- Sobre o formulario do reto
 - Pulsa no enlace ao formulario de avaliación para responder.
- ▶ Unha vez feito, **pulsa no botón COMPLETAR E ENVIAR**. Tamén podes restablecer o formulario (se hai algún erro e prefires cubrir de novo os diferentes apartados) ou Gardar as respostas e envialas noutro momento.
- ▶ Cando envíes a información, desbloquearase e abrirase o seguinte reto e poderás ver no cadro resumo o avance no programa.
- ▶ Cando o equipo revise a información, poderás acceder aos documentos na **Caixa de almacenaxe**.



[5] Desenvolvemento

ORGANIZACIÓN DO RETO

O traballo na aula disporase en gran grupo.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE 1

O alumnado vai recibir no vídeo de presentación unha información en relación ao avatar feminino que crearon no [reto 1](#).

ELA* (*avatar feminino creado na [reto 1](#) pediralles consello porque non sabe que facer, pois está nun dilema amoroso que a fai sentir mal. A súa parella pediulle que non fose de viaxe e está dubidando sobre que facer.

Unha vez exposto o problema, para o cal se require o consello consensuado do grupo, realizaremos un debate que contribúa a reflexionar sobre a cuestión. Para isto propoñemos as técnicas do *brainstorming* e do debate en gran grupo, e dividiremos o taboleiro en dúas metades.

Nunha metade colocaremos o rótulo **ARGUMENTOS A FAVOR DE IR Á VIAXE**, e irémolo enchendo de contido coas ideas que propoña o noso alumnado. Na outra metade colocaremos o rótulo **ARGUMENTOS EN CONTRA DE IR Á VIAXE**, e faremos o mesmo.

Buscaremos unha participación activa do alumnado, baseada no respecto ás opinións das compañeiras e compañeiros. Esta primeira parte poderá levarnos entre 5 e 10 minutos, dependendo da cantidade de ideas que propoña o grupo. Anotaremos todo o que nos digan, sen filtros, pois será a base para o debate posterior.

Unha vez anotados todos os argumentos en contra e a favor de ir de viaxe, a profesora ou profesor presentará un póster onde se explican os mitos do amor romántico e trataremos de identificar aqueles que están presentes nos argumentos do grupo-clase.



Mitos do amor romántico:

- ▶ Sen ti non son nada
- ▶ O amor pode con todo
- ▶ O amor verdadeiro é para sempre
- ▶ Hai que atopar a media laranxa
- ▶ Quen ben te quere, farate chorar
- ▶ Os polos opostos atraéense
- ▶ Para ser feliz debo ter unha parella
- ▶ Perdócho todo porque te quero
- ▶ Somos unha soa persoa
- ▶ Douche as chaves do meu corazón

Finalmente, o grupo debe chegar a un **consenso sobre o consello que lle dá a ELA***.

RETO 2

→ **Crear un cancelo # onde se visibilice a idea dun amor libre de violencias.**

Para a súa realización propoñemos varias alternativas coa finalidade de que cadaquén, coñecendo o grupo e o seu funcionamento, escolla a que mellor pode funcionar para lograr o reto:

1. **Por grupos pequenos**, dámoslles uns minutos para que pensen o cancelo #. Despois coméntanse en alto para poder validar entre toda a clase o que transmite esa idea, e escóllense varias ideas.
2. **En gran grupo, faise un *brainstorming*** para o cancelo #, escíbense no encerado e escóllese a opción máis votada polo grupo para completar o reto. Se ao grupo lle resulta difícil quedar cun só cancelo # que recolla as súas ideas, poderán quedar cun máximo de tres cancelos.

Para completar o reto, deberás pulsar en “**Ver formulario do reto**”. Ao facelo, accederás a un novo apartado no que hai un formulario para que compartas o traballo feito polo alumnado. Neste caso, compartirás o cancelo ou os cancelos creados polo alumnado.



[6] Notas para resolver situacións frecuentes

Durante o desenvolvemento do reto é posible que xurdan dúbidas e comentarios que nos poñan nunha situación algo complicada. Na nosa experiencia impartindo obradoiros en aulas de secundaria, o alumnado, en moitas ocasións, ofrece reflexións ben interesantes e innovadoras; outras veces reproducen mitos e falacias que debemos desmontar.

A continuación presentamos situacións que poden darse durante o desenvolvemento do **reto 2** e algúns consellos para un bo desenvolvemento do traballo en aula:

POSIBLES INTERVENCIÓNS DE RÉPLICA E RESPOSTAS XUSTIFICADAS

O amor verdadeiro é entre un home e unha muller; o resto é antinatural.

RESPOSTA... a heterossexualidade é so unha forma de expresión do vínculo amoroso, pero existen máis. O problema é que a sociedade patriarcal, baseada nun modelo de familia tradicional, invisibiliza as diferentes expresións amorosas, tanto en relación á orientación e/ou á identidade sexual como na forma e na organización do amor nunha relación monógama estable. Todas as expresións amorosas entre persoas son naturais, e deben basearse no respecto mutuo, na igualdade e na liberdade.

Moitos celos son malos, pero uns poucos... iso é que te quere!

RESPOSTA... os celos son unha expresión de inseguridade da persoa que os sinte, unha forma de control da outra persoa. En ningún caso expresan amor e respecto pola persoa querida, e dá igual a cantidade en que se presenten. Moitos ou poucos, non son un bo ingrediente se queremos establecer relacións sas e baseadas no botrato.



Non hai nada de malo en querer ter parella.

RESPOSTA... efectivamente, somos persoas sociais que establecemos moitos vínculos con outras persoas. O importante é darse conta dos mecanismos que hai detrás do que entendemos por “ser/ter parella”, xa que habitualmente, se non poñemos consciencia, establecemos un vínculo baixo o control, a pertenza ou o sufrimento en lugar de facelo desde a liberdade.

Hai persoas que dan motivos para ser celosas!

RESPOSTA... os celos son emocións que experimentamos individualmente e teñen que ver con cada persoa. Responsabilizar outras persoas do que nós sentimos ou de como o sentimos fai que non nos responsabilicemos ou deixemos na man das demais os nosos estados emocionais. Moitas veces os celos agochan medo —de perder esa persoa— ou desconfianza —non entender a liberdade de cadaquén—, por iso é importante saber identificar o que nos producen para aprender a xestionalos de forma saudable.



[7] Pon o foco

Convidámoste a poñer o foco durante o desenvolvemento deste reto analizando o comportamento do grupo desde un enfoque de xénero. Trátase de ter en conta o que fai o alumnado:

- ▶ Observa como reacciona o alumnado ante a presentación e a realización do reto.
- ▶ Ten en conta como se relacionan nas intervencións grupais e na proposta de ideas para realizar o reto: como se organizan? Escoitan? Como son as negociacións? Quen fala máis? Quen propón máis ideas? Quen se implica máis na tarefa? Respectan a diversidade da aula?
- ▶ Atende ao grao de interiorización dos mitos e se este se manifesta por igual nas rapazas e nos rapaces.
- ▶ Que mitos románticos teñen máis presenza no grupo-clase? Que emocións están presentes cando reflexionamos sobre estas cuestións?
- ▶ Observa se nomean algún referente de parella que sae en libros, series ou películas, pois pode ofrecer unha información valiosa sobre o ideal romántico que manexan.
- ▶ Quen toma as decisións finais? (maior peso das opinións dos rapaces, das rapazas...).
- ▶ Observa se existen bromas ou comentarios machistas no transcurso da actividade. Quen as fai? Como responden a eles no caso de producirse?